

**REAL DECRETO 1671/2009, DO 6 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE
DESENVOLVE PARCIALMENTE A LEI 11/2007, DO 22 DE XUÑO, DE
ACCESO ELECTRÓNICO DOS CIDADÁNS AOS SERVIZOS PÚBLICOS**

(BOE núm. 278, do 18/11/2009)

(Última actualización do 02/10/2015: o texto foi actualizado polos equipos
lingüísticos da Administración de xustiza.)

ÍNDICE

Preámbulo

Tít. I. Disposicións xerais (arts. 1-2)

Art. 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Art. 2. Transmisións de datos e documentos, incluídos certificados, entre órganos e organismos da Administración xeral do Estado con ocasión do exercicio recoñecido polo artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño

Tít. II. Sedes electrónicas e punto de acceso xeral á Administración xeral do Estado (arts. 3-9)

Art. 3. Creación da sede electrónica

Art. 4. Características das sedes electrónicas

Art. 5. Condicións de identificación das sedes electrónicas e seguranza das súas comunicacións

Art. 6. Contido e servizos das sedes electrónicas

Art. 7. Regras especiais de responsabilidade

Art. 8. Directorio de sedes electrónicas

Art. 9. Punto de acceso xeral da Administración xeral do Estado

Tít. III. Identificación e autenticación (arts. 10-25)

Cap. I. Identificación e autenticación no acceso electrónico dos cidadáns á Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos vinculados ou dependentes (arts. 10-16)

Art. 10. Sinatura electrónica dos cidadáns **[Derrogado]**

Art. 11. Outros sistemas de sinatura electrónica

Art. 12. Disposicións comúns ao réxime de uso da sinatura electrónica

Art. 13. Habilitación para a representación de terceiros **[Derrogado]**

Art. 14. Réxime da representación habilitada ante a Administración **[Derrogado]**

Art. 15. Rexistro Electrónico de Apoderamentos para actuar ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes **[Derrogado]**

Art. 16. Identificación e autenticación dos cidadáns por funcionario público **[Derrogado]**

Cap. II. Identificación e autenticación de sedes electrónicas e das comunicacións que realicen os órganos da Administración xeral do Estado ou organismos públicos vinculados ou dependentes daquela (arts. 17-22)

Art. 17. Identificación de sedes electrónicas da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes

Art. 18. Certificados de sede electrónica da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes

Art. 19. Sistemas de sinatura electrónica mediante selo electrónico

Art. 20. Sistemas de código seguro de verificación

Art. 21. Sinatura electrónica mediante medios de autenticación persoal

Art. 22. Características dos sistemas de sinatura electrónica baseados en certificados facilitados ao persoal da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos

Cap. III. Disposicións comúns á identificación e autenticación e condicións de interoperabilidade (arts. 23-25)

Art. 23. Obrigas dos prestadores de servizos de certificación

Art. 24. Política de sinatura electrónica e de certificados

Art. 25. Plataformas de verificación de certificados e sistema nacional de verificación

Tít. IV. Rexistros electrónicos (arts. 26-31)

Art. 26. Rexistros electrónicos **[Derrogado]**

Art. 27. Creación de rexistros electrónicos **[Derrogado]**

Art. 28. Funcións dos rexistros electrónicos **[Derrogado]**

Art. 29. Solicitudes, escritos e comunicacións que poden ser rexeitados nos rexistros electrónicos

Art. 30. Recepción de solicitudes, escritos e comunicacións

Art. 31. Creación, natureza e funcionamento do Rexistro Electrónico Común **[Derrogado]**

Tít. V. Das comunicacións e as notificacións (arts. 32-40)

Cap. I. Comunicaci3ns electr3nicas (arts. 32-34)

Art. 32. Obrigatoriedade da comunicaci3n a trav3s de medios electr3nicos **[Derrogado]**

Art. 33. Modificaci3n do medio de comunicaci3n inicialmente escollido **[Derrogado]**

Art. 34. Comunicaci3ns entre os 3rganos da Administraci3n xeral do Estado e os seus organismos p3blicos

Cap. II. Notificaci3ns electr3nicas (arts. 35-40)

Art. 35. Pr3ctica de notificaci3ns por medios electr3nicos **[Derrogado]**

Art. 36. Elecci3n do medio de notificaci3n **[Derrogado]**

Art. 37. Modificaci3n do medio de notificaci3n

Art. 38. Notificaci3n mediante a posta 3 disposici3n do documento electr3nico a trav3s de enderezo electr3nico habilitado

Art. 39. Notificaci3n mediante recepci3n en enderezo de correo electr3nico **[Derrogado]**

Art. 40. Notificaci3n por comparecencia electr3nica

T3t. VI. Os documentos electr3nicos e as s3as copias (arts. 41-53)

Cap. I. Disposici3ns com3ns sobre os documentos electr3nicos (arts. 41-46)

Art. 41. Caracter3sticas do documento electr3nico

Art. 42. Adici3n de metadatos aos documentos electr3nicos

Art. 43. Copias electrónicas dos documentos electrónicos realizadas pola Administración xeral do Estado e polos seus organismos públicos

Art. 44. Copias electrónicas de documentos en soporte non electrónico

Art. 45. Copias en papel dos documentos públicos administrativos electrónicos realizadas pola Administración xeral do Estado e polos seus organismos públicos vinculados ou dependentes

Art. 46. Destrucción de documentos en soporte non electrónico

Cap. II. Normas específicas relativas aos documentos administrativos electrónicos (art. 47)

Art. 47. Referencia temporal dos documentos administrativos electrónicos

Cap. III. Normas específicas relativas aos documentos electrónicos presentados polos cidadáns (art. 48)

Art. 48. Imaxes electrónicas presentadas polos cidadáns
[Derrogado]

Cap. IV. Normas relativas á obtención de copias electrónicas polos cidadáns (arts. 49-50)

Art. 49. Obtención de copias electrónicas de documentos electrónicos

Art. 50. Obtención de copias electrónicas para efectos de compulsión **[Derrogado]**

Cap. V. Arquivo electrónico de documentos (arts. 51-52)

Art. 51. Arquivo electrónico de documentos

Art. 52. Conservación de documentos electrónicos

Cap. VI. Expediente electrónico (art. 53)

Art. 53. Formación do expediente electrónico

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. Procedementos especiais

Disposición adicional segunda. Función estatística

Disposición adicional terceira. Directorio de sedes electrónicas
[Derrogada]

Disposición adicional cuarta. Conservación da identificación de enderezos electrónicos

Disposición adicional quinta. Plataforma de verificación de certificados da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda

Disposición adicional sexta. Ausencia de impacto orzamentario

Disposicións transitorias

Disposición transitoria primeira. Sistemas de sinatura electrónica **[Derrogada]**

Disposición transitoria segunda. Condicións de seguranza das plataformas de verificación **[Derrogada]**

Disposición transitoria terceira. Sistema de notificación electrónica regulado no artigo 38.2 **[Derrogada]**

Disposición transitoria cuarta. Adaptación de sedes electrónicas **[Derrogada]**

Disposición transitoria quinta. Adaptación na Administración xeral do Estado no exterior

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Disposicións derradeiras

Disposición derradeira primeira. Sistema de notificación electrónica regulado no artigo 38.2

Disposición derradeira segunda. Punto de acceso xeral

Disposición derradeira terceira. Rexistros electrónicos

Disposición derradeira cuarta. Sedes electrónicas

Disposición derradeira quinta. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor

REAL DECRETO 1671/2009, DO 6 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE DESENVOLVE PARCIALMENTE A LEI 11/2007, DO 22 DE XUÑO, DE ACCESO ELECTRÓNICO DOS CIDADÁNS AOS SERVIZOS PÚBLICOS

(BOE núm. 278, do 18/11/2009)

(Última actualización do 02/10/2015: o texto foi actualizado polos equipos lingüísticos da Administración de xustiza.)

RELACIÓN DE NORMAS MODIFICADORAS
• Real decreto 668/2015, do 17 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
• Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
• Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

PREÁMBULO

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, marca un fito transcendental na construción da Administración pública da sociedade da información en España. Aínda que apoiada na experiencia adquirida coa aplicación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en cuxos artigos 38, 45, 46 e 59, principalmente, ofrecía un marco xurídico xeral de referencia para a incorporación sistemática das tecnoloxías da información e das comunicacións ás funcións administrativas, así como no avance que supuxo a promulgación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ao recoller por primeira vez a automatización da actuación administrativa ou a obtención de imaxes electrónicas dos documentos con idéntica validez e eficacia que o documento orixe, o certo é que a Lei 11/2007, do 22 de xuño, máis que un desenvolvemento ou consolidación da anterior significa unha verdadeira mudanza da relación entre a Administración e os cidadáns.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, impulsa unha nova concepción ao construír a súa regulación sobre a base do dereito dos cidadáns a utilizar os medios de comunicación electrónica para relacionárense coa Administración e exercerem

os seus dereitos. Este singular punto de partida, que pon o cidadán e os seus dereitos na base de todo, non só significa a imposición dun compromiso xurídico de incorporar as tecnoloxías da información á totalidade das funcións administrativas. Tamén implica a consideración do cidadán como portador de dereitos de prestación que a Administración debe satisfacer de forma efectiva. Por isto, a lei estableceu un elenco de dereitos especificamente relacionados coa comunicación electrónica coa Administración e co seu estatuto de cidadán: dereito á obtención de medios de identificación electrónica, dereito á escolla da canle de comunicación ou do medio de autenticación e de igualdade garantindo a accesibilidade, así como unha efectiva igualdade entre xéneros e respecto doutros colectivos con necesidades especiais e entre territorios.

Esta ambiciosa estratexia foi asumida cunha gran decisión. A disposición derradeira terceira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, establece a data do 31 de decembro de 2009 como límite para os cidadáns poderen exercer plenamente os seus dereitos por medios electrónicos en calquera procedemento e actividade de competencia desa Administración.

O cumprimento dos obxectivos legais establecidos pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, e dos prazos previstos para a súa efectividade xustifican a necesidade de desenvolvemento das súas previsións, na medida en que:

a) A Lei 11/2007, do 22 de xuño, non esgotou a regulación do acceso electrónico aos servizos públicos como consecuencia dos criterios de distribución de competencias e a súa incidencia nas competencias de autoorganización que corresponde ao resto das administracións públicas.

b) Por outro lado, polo seu carácter transversal, esta regulación presupón operacións de adaptación aos distintos procedementos e actividades. O cumprimento desta necesidade só se pode lograr mediante a previsión dun sistema de regulación caracterizado pola concorrencia de diferentes niveis normativos e a colaboración entre eles para comporen un marco xeral, obxectivo, estable e predicible compatible coa adaptación funcional e co estado do desenvolvemento tecnolóxico nesta materia.

Este real decreto pretende ser ese complemento necesario na Administración xeral do Estado para facilitar a efectiva realización dos dereitos recoñecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Este real decreto construíuse sobre a base dos seguintes principios estratéxicos:

a) En primeiro lugar, procurar a máis plena realización dos dereitos recoñecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, facilitándoos na medida en que o permite o estado da técnica, e a garantía de que non resultan afectados outros bens constitucionalmente protexidos, como poden ser a protección de datos, os dereitos de acceso á información administrativa ou a preservación de intereses de terceiros.

b) En segundo lugar, establecer un marco o máis flexible posible na implantación dos medios de comunicación, coidando os niveis de seguranza e protección de dereitos e intereses previstos tanto na propia Lei 11/2007, do 22 de xuño, como na lexislación administrativa en xeral. Con isto perséguese un triplo obxectivo: en primeiro lugar, evitar que a nova regulación imponha unha renovación tal nas solucións de comunicación cos cidadáns que impida a subsistencia de técnicas existentes e de grande arraigamento; en segundo lugar, facilitar a actividade de implantación e adaptación ás distintas organizacións, funcións e procedementos a que é de aplicación o real decreto; e en terceiro lugar, impedir que a opción rixida por determinadas solucións dificulte para o futuro a incorporación de novas solucións e servizos.

Non obstante, a realización destes obxectivos require doutros dous instrumentos de carácter técnico e complementario: o esquema nacional de interoperabilidade, encargado de establecer os criterios comúns de xestión da información que permitan compartir solucións e información, e o esquema nacional de seguranza, que deberá establecer os criterios e niveis de seguranza necesarios para os procesos de tratamento da información que prevé o propio real decreto.

Fiel a esta orientación, o real decreto incorpora no seu frontispicio unha regulación específica destinada a facer efectivo o dereito a non incorporar documentos que se encontren en poder das administracións públicas, establecendo as regras necesarias para obter os datos e documentos exixidos, coas garantías suficientes que impidan que esta facilidade se converta, na práctica, nun motivo de atraso na resolución dos procedementos administrativos.

Para estes efectos, regúlanse a forma e os efectos do exercicio do dereito por parte dos cidadáns, considéranse os distintos supostos que se poden dar canto á obtención dos datos ou documentos, establécense prazos obrigatorios para atender estes requirimentos, así como o deber de informar sobre a demora no seu cumprimento para que o interesado poida suplir a falta de actividade do órgano ou entidade requirida, sen prexuízo de exixir as responsabilidades que, se for o caso, procedan.

Un elemento chave na comunicación xurídica cos cidadáns en soporte electrónico é o concepto de sede electrónica. Neste punto o real decreto pretende reforzar a fiabilidade destes lugares de encontro mediante tres tipos de medidas: 1) asegurar a plena identificación e diferenciación destes enderezos como punto de prestación de servizos de comunicación cos interesados, 2) establecer o conxunto de servizos característicos así como o alcance da súa eficacia e responsabilidade, e 3) impor un réxime común de creación de forma que se evite a desorientación que para o cidadán podería significar unha excesiva dispersión de tales enderezos. Este réxime da sede, que debe resultar compatible coa descentralización necesaria derivada da actual complexidade de fins e actividades asumidas pola Administración, resulta, no entanto, compatible coa creación dun punto de acceso común a toda a Administración, porta de entrada xeral do cidadán á Administración, na cal este poderá presentar as súas comunicacións electrónicas xerais ou encontrar a información necesaria para acudir ás sedes electrónicas en que iniciar ou participar nos procedementos que, por seren tramitados en soporte electrónico, requiren o acceso a aplicacións ou formularios concretos.

En materia de identificación e autenticación, o real decreto pretendeu establecer os elementos mínimos imprescindibles para afianzar o criterio de flexibilización impulsado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, na cal, xunto á admisión como medio universal dos dispositivos de identificación e sinatura electrónica asociados ao documento nacional de identidade, se admite a utilización doutros medios de autenticación que cumpran coas condicións de seguranza e certeza necesarias para o normal desenvolvemento da función administrativa.

Así mesmo, previuse un réxime específico que facilita a actuación en nome de terceiros a través de dous mecanismos fundamentais: por un lado, a figura das habilitacións xerais e especiais, pensadas fundamentalmente para o desempeño continuado e profesional de actividades de xestión e representación ante os servizos da Administración, así como un rexistro voluntario de representantes, tamén pensado coa finalidade de facilitar o exercicio da función de representación, establecendo un mecanismo de acreditación en liña do título previamente presentado ao rexistro.

O real decreto especifica igualmente as previsións contidas na lei, canto á posibilidade de que os funcionarios públicos habilitados para o efecto poidan realizar determinadas operacións por medios electrónicos usando os seus propios sistemas de identificación e autenticación naqueles casos en que os cidadáns non dispoñan de medios propios.

A relevancia xurídica da actividade administrativa exixiu prestar unha atención singularizada ao uso dos medios de identificación e autenticación electrónica por parte da Administración, establecendo a necesidade de incorporación de selos ou marcas de tempo, que acrediten a data de adopción dos actos e documentos que se emitan. Igualmente se dispensou unha atención especial á autenticación no seo da actuación automatizada.

Por último, incorpóranse unhas previsións destinadas a garantir a interoperabilidade e efectividade do sistema da lei entre as cales se inclúe un recoñecemento expreso ás políticas de sinatura que serán os instrumentos encargados de especificar as solucións técnicas e de organización necesarias

para a plena operatividade dos dereitos recoñecidos na lei, un sistema nacional de verificación de certificados disposto para simplificar e axilizar as operacións de comprobación da vixencia dos certificados.

En materia de rexistros electrónicos desenvolvéronse as previsións da lei coa importante novidade da creación dun rexistro electrónico común que posibilitará aos cidadáns a presentación de comunicacións electrónicas para calquera procedemento e órganos dos integrados na Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos dependentes ou vinculados.

Esta mesma liña de desenvolvemento indispensable das previsións da lei se seguiu en relación coas comunicacións e notificacións electrónicas, establecendo as garantías necesarias para que as facilidades incluídas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, non se convertan nunha desvantaxe para os intereses dos cidadáns, así como do interese xeral.

Por último, un dos puntos esenciais da disciplina da lei é a regulación da xestión da información electrónica fornecida polos particulares, prevéndose as condicións mínimas para que a súa utilización non afecte o desenvolvemento das funcións administrativas. Resulta especialmente innovadora a previsión no noso ordenamento dun réxime de xestión e cambio de soporte co fin de facilitar a xestión dos expedientes pola opción do órgano encargado da súa tramitación do soporte tipo en que se deberá tramitar o procedemento. Igualmente, o real decreto é consciente da importancia de integrar, desde a mesma incorporación dos documentos, aquela información que permita a súa xestión, arquivo e recuperación. Así mesmo, o real decreto, ao regular os procesos de destrución de documentos en papel que son obxecto de copia electrónica, establece un sistema reforzado de garantías con particular atención á conservación dos documentos con valor histórico.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación expresa ao Goberno contida na disposición derradeira sétima da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e foi sometido a informe da Axencia Española de Protección de Datos, do Consello Superior de Administración Electrónica e do Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta das ministras da Presidencia e de Economía e Facenda e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 6 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente real decreto ten por obxecto desenvolver a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos no ámbito da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes desta, no relativo á transmisión de datos, sedes electrónicas e punto de acceso xeral, identificación e autenticación, rexistros electrónicos, comunicacións e notificacións, e documentos electrónicos e copias.

2. As súas disposicións son de aplicación:

- a) Á actividade da Administración xeral do Estado, así como dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela.
- b) Aos cidadáns nas súas relacións coas entidades referidas no parágrafo anterior.
- c) Ás relacións entre os órganos e organismos a que se refire a alínea a).

Artigo 2. Transmisións de datos e documentos, incluídos certificados, entre órganos e organismos da Administración xeral do Estado con ocasión do exercicio recoñecido polo artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

1. Cando os cidadáns exerzan o dereito a non presentar datos e documentos que estean en poder das administracións públicas, establecido no artigo 6.2.b)

da Lei 11/2007, do 22 de xuño, ante os órganos administrativos incluídos no ámbito de aplicación do número 2.a) do artigo 1, deste real decreto, seguiranse as seguintes regras:

a) A Administración facilitará aos interesados nos procedementos administrativos o exercicio do dereito, que se poderá efectuar por medios electrónicos.

En todo caso, os interesados serán informados expresamente de que o exercicio do dereito implica o seu consentimento, nos termos establecidos polo artigo 6. 2b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para que o órgano e organismo ante o cal se exerce poida obter os datos ou documentos respecto dos cales se exerce o dereito dos órganos ou organismos en que estes se encontren.

O dereito exercerase de forma específica e individualizada para cada procedemento concreto, sen que o exercicio do dereito ante un órgano ou organismo implique un consentimento xeral referido a todos os procedementos que aquel tramite en relación co interesado.

b) En calquera momento, os interesados poderán presentar os datos ou documentos ou certificados necesarios, así como revogar o seu consentimento para o acceso a datos de carácter persoal.

c) Se o órgano administrativo encargado da tramitación do procedemento posúe, en calquera tipo de soporte, os datos, documentos ou certificados necesarios ou ten acceso electrónico a eles, incorporaraos ao procedemento administrativo correspondente sen máis trámite. En todo caso, quedará constancia nos ficheiros do órgano ou organismo cedente do acceso aos datos ou documentos efectuado polo órgano ou organismo cesionario.

d) Cando o órgano administrativo encargado da tramitación do procedemento non teña acceso aos datos, documentos ou certificados necesarios, pediraos ao órgano administrativo correspondente. Se se tratar dun órgano administrativo incluído no ámbito de aplicación do artigo 1.2.a), deberá ceder por medios electrónicos os datos, documentos e certificados que sexan necesarios no prazo máximo que estableza a normativa específica, que non

poderá exceder dez días. Este prazo máximo será igualmente aplicable se non está fixado na normativa específica.

e) En caso de imposibilidade de obter os datos, documentos ou certificados necesarios polo órgano administrativo encargado da tramitación do procedemento, comunicaráselle ao interesado con indicación do motivo ou causa, para que os presente no prazo e cos efectos previstos na normativa reguladora do procedemento correspondente. Neste caso, o interesado poderá formular queixa conforme co previsto no Real decreto 951/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración xeral do Estado.

f) Os órganos ou organismos ante os cales se exerce o dereito conservarán a documentación acreditativa do efectivo exercicio do dereito incorporándoa ao expediente en que se exerceu.

Esta documentación estará ao dispor do órgano cedente e das autoridades a que, se for o caso, corresponda a supervisión e control da legalidade das cesións producidas.

2. O esquema nacional de interoperabilidade e o esquema nacional de seguranza establecerán as previsións necesarias para facilitar o exercicio deste dereito polos cidadáns.

3. Co fin de dar cumprimento á exixencia do artigo 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, sobre transmisión de datos entre administracións públicas, para un eficaz exercicio do dereito recoñecido no seu artigo 6.2.b), a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos promoverán a celebración de acordos ou convenios coas restantes administracións públicas para facilitar o exercicio deste dereito aos cidadáns. Neses acordos ou convenios estableceranse, en particular, os procedementos que permitan ao órgano ou organismo cedente comprobar o efectivo exercicio do dereito respecto dos datos ou documentos cuxo acceso fose solicitado. [Derogado.]

• Apartado 3 derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este apartado 3 manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

TÍTULO II

Sedes electrónicas e punto de acceso xeral á Administración xeral do Estado

Artigo 3. Creación da sede electrónica.

1. Os órganos da Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela crearán as súas sedes electrónicas, de acordo cos requisitos establecidos neste real decreto.

2. As sedes electrónicas crearanse mediante orde do ministro correspondente ou resolución do titular do organismo público, que se deberá publicar no *Boletín Oficial del Estado*, co seguinte contido mínimo:

a) Ámbito de aplicación da sede, que poderá ser a totalidade do ministerio ou organismo público, ou un ou varios dos seus órganos con rango, cando menos, de dirección xeral.

b) Identificación do enderezo electrónico de referencia da sede.

c) Identificación do seu titular, así como do órgano ou órganos encargados da xestión e dos servizos postos á disposición dos cidadáns na sede.

d) Identificación das canles de acceso aos servizos dispoñibles na sede, con expresión, se for o caso, dos teléfonos e oficinas a través dos cales tamén se pode acceder.

e) Medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.

f) Calquera outra circunstancia que se considere conveniente para a correcta identificación da sede e a súa fiabilidade.

3. Tamén se poderán crear sedes compartidas mediante orde do ministro da Presidencia por proposta dos ministros interesados, cando afecte varios departamentos ministeriais, ou mediante convenio de colaboración cando afecte organismos públicos ou cando interveñan administracións autonómicas ou locais, que se deberá publicar no *Boletín Oficial del Estado*. Os convenios de colaboración poderán tamén determinar a incorporación dun órgano ou organismo a unha sede preexistente.

Artigo 4. Características das sedes electrónicas.

1. Realizaranse a través de sedes electrónicas todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran a autenticación da Administración pública ou dos cidadáns por medios electrónicos.

2. Poderanse crear unha ou varias sedes electrónicas derivadas dunha sede electrónica. As sedes electrónicas derivadas, ou subsedes, deberán resultar accesibles desde o enderezo electrónico da sede principal, sen prexuízo de que sexa posible o acceso electrónico directo.

As sedes electrónicas derivadas deberán cumprir os mesmos requisitos que as sedes electrónicas principais, salvo no relativo á publicación da orde ou resolución pola que se crean, que se realizará a través da sede de que dependan. O seu ámbito de aplicación comprenderá órgano ou órganos con rango, cando menos, de subdirección xeral.

Artigo 5. Condicións de identificación das sedes electrónicas e seguranza das súas comunicacións.

1. Os enderezos electrónicos da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela que teñan a condición de sedes electrónicas deberano facer constar de forma visible e inequívoca.

2. A sede electrónica terá accesible o seu instrumento de creación, directamente ou mediante ligazón coa súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

3. As condicións de identificación das sedes electrónicas e de seguranza das súas comunicacións rexeranse polo disposto no título terceiro deste real decreto, e no título VIII do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

4. Os sistemas de información que soporten as sedes electrónicas deberán garantir a confidencialidade, dispoñibilidade e integridade das informacións que manexan. O esquema nacional de interoperabilidade e o esquema nacional de seguranza establecerán as previsións necesarias para isto.

Artigo 6. Contido e servizos das sedes electrónicas.

1. Toda sede electrónica disporá do seguinte contido mínimo:

a) Identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e dos responsables da xestión e dos servizos postos ao seu dispor e, se for o caso, das subsedes dela derivadas.

b) Información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e das distintas seccións dispoñibles, así como a relacionada coa propiedade intelectual.

c) Servizos de asesoramento electrónico ao usuario para a correcta utilización da sede.

d) Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.

e) Relación de sistemas de sinatura electrónica que, conforme o previsto neste real decreto, sexan admitidos ou utilizados na sede.

f) *Normas de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles desde a sede.* **[Derrogada.]**

g) Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal, incluíndo unha ligazón coa sede electrónica da Axencia Española de Protección de Datos.

2. As sedes electrónicas disporán dos seguintes servizos ao dispor dos cidadáns:

a) Relación dos servizos dispoñibles na sede electrónica.

b) Carta de servizos e carta de servizos electrónicos.

c) Relación dos medios electrónicos a que se refire o artigo 27.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

d) Ligazón para formular suxestións e queixas ante os órganos que en cada caso resulten competentes.

e) Acceso, se for o caso, ao estado de tramitación do expediente.

f) Se for o caso, publicación dos diarios ou boletíns.

g) Se for o caso, publicación electrónica de actos e comunicacións que se deban publicar en taboleiro de anuncios ou edictos, indicando o carácter substitutivo ou complementario da publicación electrónica.

h) Verificación dos selos electrónicos dos órganos ou organismos públicos que abrangan a sede.

i) Comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abrangan a sede que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.

j) Indicación da data e hora oficial para os efectos previstos no artigo 26.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

3. Os órganos titulares responsables da sede poderán, ademais, incluír nela outros servizos ou contidos, con suxeición ao previsto no artigo 10 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e neste real decreto.

4. Non será necesario recoller nas subsedes a información e os servizos a que se refiren os números anteriores cando xa figuren na sede de que aquelas derivan.

5. As sedes electrónicas cuxo titular teña competencia sobre territorios con réxime de cooficialidade lingüística posibilitarán o acceso aos seus contidos e servizos nas linguas correspondentes.

• Letra f) do apartado 1 derrogada, con efectos do 2 de outubro de 2016, pola disposición derogatoria única.g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 7. Regras especiais de responsabilidade.

1. O establecemento dunha sede electrónica implicará a responsabilidade do titular respecto da integridade, veracidade e actualización da información e os servizos a que se poida acceder a través dela. O titular da sede electrónica que conteña unha ligazón ou vínculo a outra cuxa responsabilidade corresponda a distinto órgano ou Administración pública non será responsable da integridade, veracidade nin actualización desta última.

A sede establecerá os medios necesarios para que o cidadán coñeza se a información ou servizo a que accede corresponde á propia sede ou a un punto de acceso que non ten o carácter de sede ou a un terceiro.

2. Os órganos ou organismos públicos titulares das sedes electrónicas compartidas previstas no artigo 3.3 deste real decreto responderán, en todo caso, polos seus contidos propios e solidariamente polos contidos comúns.

Artigo 8. Directorio de sedes electrónicas.

1. O Ministerio da Presidencia xestionará un directorio de sedes electrónicas da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos, que será público e accesible desde o punto de acceso xeral a que se refire o artigo 9 deste real decreto.

2. Nese directorio publicaranse as sedes con expresión da súa denominación, ámbito de aplicación, titular e enderezo electrónico.

Artigo 9. Punto de acceso xeral da Administración xeral do Estado.

1. O punto de acceso xeral da Administración xeral do Estado conterà a sede electrónica que, neste ámbito, facilita o acceso aos servizos, procedementos e informacións accesibles da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela. Tamén poderá proporcionar acceso a servizos ou informacións correspondentes a outras administracións públicas, mediante a celebración dos correspondentes convenios.
2. O acceso organizarase atendendo a distintos criterios que permitan aos cidadáns identificar de forma fácil e intuitiva os servizos a que desexen acceder.
3. O punto de acceso xeral será xestionado polo Ministerio da Presidencia, coa participación de todos os ministerios e, se for o caso, dos organismos públicos dotados pola lei dun réxime especial de independencia, para garantir a completa e exacta incorporación da información e accesos publicados neste.
4. O punto de acceso xeral poderá incluír servizos adicionais, así como distribuír a información sobre o acceso electrónico aos servizos públicos de maneira que poida ser utilizada por outros departamentos ministeriais, administracións ou polo sector privado.

TÍTULO III

Identificación e autenticación

CAPÍTULO I

IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN NO ACCESO ELECTRÓNICO DOS CIDADÁNS Á
ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E AOS SEUS ORGANISMOS PÚBLICOS
VINCULADOS OU DEPENDENTES

Artigo 10. Sinatura electrónica dos cidadáns.

(Derrogado.)

1. As persoas físicas poderán utilizar para relacionarse electronicamente coa Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao documento nacional de identidade, en todo caso, e os sistemas de sinatura electrónica avanzada admitidos, a que se refire o artigo 13.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. As persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica poderán utilizar sistemas de sinatura electrónica de persoa xurídica ou de entidades sen personalidade xurídica para todos aqueles procedementos e actuacións da Administración xeral do Estado para os cales se admitan.

3. En caso de inadmisión, a sede electrónica correspondente deberá facilitar sistemas alternativos que permitan ás persoas xurídicas e ás entidades sen personalidade xurídica o exercicio do seu dereito a relacionarse electronicamente coa Administración xeral do Estado.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 11. Outros sistemas de sinatura electrónica.

1. A admisión doutros sistemas de sinatura electrónica a que se refire o artigo 13.2.c) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, deberanse aprobar mediante orde ministerial, ou resolución do titular no caso dos organismos públicos, logo de informe do Consello Superior de Administración Electrónica.

2. Cando o sistema se refira á totalidade da Administración xeral do Estado, requirirase acordo do Consello de Ministros por proposta dos ministerios da Presidencia e de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe do Consello Superior de Administración Electrónica.

3. O acto de aprobación conterá a denominación e descrición xeral do sistema de identificación, órgano ou organismo público responsable da súa aplicación e garantías do seu funcionamento, e será publicado nas sedes electrónicas que sexan de aplicación, onde se informará das actuacións en que son admisibles estes medios de identificación e autenticación.

Artigo 12. Disposicións comúns ao réxime de uso da sinatura electrónica.

1. O uso da sinatura electrónica non exclúe a obriga de incluír no documento ou comunicación electrónica os datos de identificación que sexan necesarios de acordo coa lexislación que lle sexa aplicable.

2. O uso polos cidadáns de sistemas de sinatura electrónica implicará que os órganos da Administración xeral do Estado ou organismos públicos vinculados ou dependentes poden tratar os datos persoais consignados, para os efectos da verificación da sinatura.

Artigo 13. Habilitación para a representación de terceiros.

(Derrogado.)

1. De acordo co previsto no artigo 23 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes poderán habilitar con carácter xeral ou específico persoas físicas ou xurídicas autorizadas para a presentación electrónica de documentos en representación dos interesados.

A habilitación implicará a aplicación do réxime de representación regulado no artigo seguinte.

2. A habilitación requirirá a sinatura previa dun convenio entre o ministerio ou organismo público competente e a corporación, asociación ou institución interesada. O convenio deberá especificar, cando menos, os procedementos e trámites obxecto da habilitación, e as condicións e obrigas aplicables tanto á

persoa xurídica ou entidade asinante do convenio como ás persoas físicas ou xurídicas habilitadas.

Determinarase en cada caso, mediante orde ministerial do departamento titular da xestión, os requisitos e condicións para subscribir os convenios a que se refire este número. A orde deberá garantir, en todo caso, o respecto aos principios de obxectividade, proporcionalidade e non-discriminación na definición das condicións para a habilitación.

3. Os convenios de habilitación producirán efectos tanto en relación coa corporación, asociación ou institución asinante como coas persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de colexiados, asociados ou membros daquelas. Para facer efectiva a habilitación, estas últimas deberán subscribir un documento individualizado de adhesión que recolla expresamente a aceptación do seu contido íntegro.

4. O incumprimento das obrigas asumidas polas corporacións, asociacións ou institucións asinantes do convenio suporá a resolución deste e a das habilitacións baseadas nel, logo de instrución do oportuno expediente, con audiencia da entidade interesada.

O incumprimento por parte dunha persoa asinante do documento individualizado de adhesión suporá a súa exclusión do convenio co procedemento e garantías previstos no parágrafo anterior.

En ambos os casos entenderase sen prexuízo da exixencia das responsabilidades que fosen procedentes.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 14. Réxime da representación habilitada ante a Administración.

(Derrogado.)

1. As persoas ou entidades habilitadas para a presentación electrónica de documentos en representación de terceiros deberán ter a representación necesaria para cada actuación, nos termos establecidos no artigo 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou nos termos que resulten da normativa específica de aplicación.

2. A Administración poderá requirir en calquera momento ás persoas habilitadas a acreditación da representación que teñan, sendo válida a outorgada a través dos documentos normalizados que aprobe a Administración para cada procedemento.

A falta de representación suficiente das persoas en cuxo nome se presentou a documentación dará lugar á exixencia das responsabilidades que sexan procedentes.

3. A habilitación soamente confire á persoa autorizada a condición de representante para intervir nos actos expresamente autorizados. Non autoriza para recibir ningunha comunicación da Administración en nome do interesado, mesmo cando estas sexan consecuencia do documento presentado.

4. A representación habilitada soamente permite a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións nos rexistros electrónicos correspondentes ao ámbito da habilitación.

• Artigo derrogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 15. Rexistro Electrónico de Apoderamentos para actuar ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

(Derrogado.)

1. Para os efectos da actuación administrativa ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes e sen carácter de rexistro público, créase, no seu ámbito, o Rexistro Electrónico de Apoderamentos. Nel poderanse facer constar todas as representacións que os interesados outorguen a terceiros para actuar no seu nome ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

2. O Ministerio da Presidencia creará os ficheiros de datos persoais necesarios e xestionará o dito rexistro, que se deberá coordinar con calquera outro similar existente de ámbito máis limitado na Administración xeral do Estado.

3. O Rexistro de Apoderamentos permitirá aos ministerios e aos organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado que se subscriban a el comprobaren a representación que teñen os que actúen electronicamente ante eles en nome de terceiros.

4. Cada departamento ministerial e organismo público determinará os trámites e actuacións da súa competencia para os cales sexa válida a representación incorporada ao Rexistro de Apoderamentos. Ademais, caso de entender que hai falta ou insuficiencia da representación formalmente incorporada ao Rexistro de Apoderamentos, poderá requirir ao interesado a correspondente emenda nos termos do artigo 32.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou nos termos que resulten da normativa específica de aplicación.

5. Para efectos da súa incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos e demais aspectos relativos ao seu funcionamento, mediante orde do ministro da Presidencia concretarase o réxime de outorgamento dos poderes, as súas formas de acreditación, ámbito de aplicación e revogación dos poderes, así como a forma e lugar de presentación dos documentos acreditativos do poder.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

• Título e apartado 1 modificados polo art. único, puntos 1 e 2 respectivamente, do Real decreto 668/2015, do 17 de xullo.

Téñase en conta para a súa aplicación a disposición transitoria única do citado real decreto, sobre adecuación dos sistemas tecnolóxicos.

Artigo 16. Identificación e autenticación dos cidadáns por funcionario público.

(Derrogado.)

1. Para levar a cabo a identificación e autenticación dos cidadáns por funcionario público conforme o previsto no artigo 22 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, nos servizos e procedementos para os cales así se estableza, e nos cales resulte necesaria a utilización de sistemas de sinatura electrónica de que aqueles carezan, requirirase que o funcionario público habilitado estea dotado dun sistema de sinatura electrónica admitido polo órgano ou organismo público destinatario da actuación para a que se debe realizar a identificación ou autenticación. O cidadán, pola súa parte, deberase identificar ante o funcionario e prestar consentimento expreso, debendo quedar constancia disto para os casos de discrepancia ou litixio.

2. O Ministerio da Presidencia manterá actualizado un rexistro dos funcionarios habilitados na Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos para a identificación e autenticación regulada neste artigo. Mediante o correspondente convenio de colaboración poderá estender os seus efectos ás relacións con outras administracións públicas.

3. Mediante orde do ministro da Presidencia regularase o funcionamento do rexistro de funcionarios habilitados, incluído o sistema para a determinación dos funcionarios que poidan ser habilitados e o alcance da habilitación.

4. Adicionalmente, os departamentos ministeriais e os organismos públicos poderán habilitar funcionarios públicos neles destinados para identificar e autenticar cidadáns ante ese departamento ministerial ou organismo público.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

CAPÍTULO II

IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN DE SEDES ELECTRÓNICAS E DAS
COMUNICACIÓNS QUE REALICEN OS ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO
ESTADO OU ORGANISMOS PÚBLICOS VINCULADOS OU DEPENDENTES DAQUELA

Artigo 17. Identificación de sedes electrónicas da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

1. As sedes electrónicas identificaranse mediante sistemas de sinatura electrónica baseados en certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente. Con carácter adicional e para a súa identificación inmediata, os cidadáns disporán da información xeral obrigatoria que debe constar nelas de acordo co establecido neste real decreto.

2. Para facilitar a súa identificación, as sedes electrónicas seguirán as disposicións xerais que se establezan para a imaxe institucional da Administración xeral do Estado e o seu enderezo electrónico incluírá o nome de dominio de terceiro nivel «.gob.es».

Artigo 18. Certificados de sede electrónica da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

1. Os certificados electrónicos de sede electrónica terán, cando menos, os seguintes contidos:

- a) Descrición do tipo de certificado, coa denominación «sede electrónica».
- b) Nome descritivo da sede electrónica.
- c) Denominación do nome do dominio.
- d) Número de identificación fiscal da entidade subscriptora.
- e) Unidade administrativa subscriptora do certificado.

2. O uso dos certificados de sede electrónica está limitado á identificación da sede, quedando excluída a súa aplicación para a sinatura electrónica de documentos e trámites.

3. O esquema nacional de seguranza, a que se refire o artigo 42 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, determinará as características e os requisitos que cumprirán os sistemas de sinatura electrónica, os certificados e os medios equivalentes que se establezan nas sedes electrónicas para a identificación e garantía dunha comunicación segura.

Artigo 19. Sistemas de sinatura electrónica mediante selo electrónico.

1. A creación de selos electrónicos realizarase mediante resolución da subsecretaría do ministerio ou titular do organismo público competente, que se publicará na sede electrónica correspondente e na cal deberá constar:

a) Organismo ou órgano titular do selo que será o responsable da súa utilización, con indicación da súa adscrición na Administración xeral do Estado ou organismo público dependente dela.

b) Características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificado aplicable.

c) Servizo de validación para a verificación do certificado.

d) Actuacións e procedementos en que poderá ser utilizado.

2. Os certificados de selo electrónico terán, cando menos, os seguintes contidos:

a) Descrición do tipo de certificado, coa denominación «selo electrónico».

b) Nome do subscritor.

c) Número de identificación fiscal do subscritor.

3. O modo de emitir os certificados electrónicos de selo electrónico definirase no esquema nacional de seguraza.

Artigo 20. Sistemas de código seguro de verificación.

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes poderán utilizar sistemas de código seguro de verificación de documentos no desenvolvemento de actuacións automatizadas. Este código vinculará o órgano ou organismo e, se for o caso, a persoa asinante do documento, permitíndose, en todo caso, a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.

2. O sistema de código seguro de verificación deberá garantir, en todo caso:

a) O carácter único do código xerado para cada documento.

b) A súa vinculación co documento xerado e co asinante.

c) Así mesmo, débese garantir a posibilidade de verificar o documento polo tempo que se estableza na resolución que autorice a aplicación deste procedemento.

3. A aplicación deste sistema requirirá unha orde do ministro competente ou resolución do titular do organismo público, logo de informe do Consello Superior de Administración Electrónica, que se publicará na sede electrónica correspondente. Esa orde ou resolución do titular do organismo público, alén de describir o funcionamento do sistema, deberá conter de forma inequívoca:

a) Actuacións automatizadas a que é de aplicación o sistema.

b) Órganos responsables da aplicación do sistema.

c) Disposicións que resultan de aplicación á actuación.

d) Indicación dos mecanismos utilizados para a xeración do código.

e) Sede electrónica a que poden acceder os interesados para a verificación do contido da actuación ou documento.

f) Prazo de dispoñibilidade do sistema de verificación respecto aos documentos autorizados mediante este sistema.

4. A Administración responsable da aplicación deste sistema disporá dun procedemento directo e gratuíto para os interesados. O acceso aos documentos orixinais realizarase de acordo coas condicións e límites que establece a lexislación de protección de datos persoais ou outra lexislación específica, así como o réxime xeral de acceso á información administrativa establecido no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para garantir a constancia da autenticación e integridade dos documentos con posterioridade ao vencemento do prazo de dispoñibilidade do sistema de verificación, para os efectos do seu posterior arquivo.

6. Co fin de mellorar a interoperabilidade electrónica e posibilitar a verificación da autenticidade dos documentos electrónicos sen necesidade de acceder á sede electrónica para cotexar o código seguro de verificación, poderase superpor a este a sinatura mediante selo electrónico regulada no artigo anterior.

Artigo 21. Sinatura electrónica mediante medios de autenticación persoal.

O persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes utilizará os sistemas de sinatura electrónica que se determinen en cada caso, entre os seguintes:

- a) Sinatura baseada no documento nacional de identidade electrónico.
- b) Sinatura baseada en certificado de empregado público ao servizo da Administración xeral do Estado expresamente admitida con esta finalidade.
- c) Sistemas de código seguro de verificación, caso en que se aplicará, coas adaptacións correspondentes, o disposto no artigo 20.

Artigo 22. Características dos sistemas de sinatura electrónica baseados en certificados facilitados ao persoal da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos.

1. Os sistemas de sinatura electrónica baseados en certificados facilitados especificamente aos seus empregados pola Administración xeral do Estado ou aos seus organismos públicos vinculados ou dependentes soamente poderán ser utilizados no desempeño das funcións propias do posto que ocupen ou para relacionárense coas administracións públicas cando estas o admitan.
2. A sinatura electrónica regulada no presente artigo deberá cumprir coas garantías que se establezan nas políticas de sinatura que sexan aplicables.
3. Os certificados emitidos para a sinatura denominaranse «certificado electrónico de empregado público» e terán, cando menos, o seguinte contido:

a) Descrición do tipo de certificado en que se deberá incluír a denominación «certificado electrónico de empregado público».

b) Nome e apelidos do titular do certificado.

c) Número do documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro do titular do certificado.

d) Órgano ou organismo público en que presta servizos o titular do certificado.

e) Número de identificación fiscal do órgano ou organismo público en que presta os seus servizos o titular do certificado.

4. Os contidos especificados no número anterior non serán exixibles para os certificados que se utilicen naquelas actuacións que, realizadas por medios electrónicos, afecten a información clasificada, a seguridade pública ou a defensa nacional ou outras actuacións nas cales estea legalmente xustificado o anonimato para a súa realización. Nestes casos, os prestadores de servizos de certificación poderán consignar no certificado electrónico, por petición da Administración solicitante, un pseudónimo. Estes certificados denominaranse certificados electrónicos de empregado público con pseudónimo. Terán idéntico uso, capacidade e funcionalidade que o certificado electrónico de empregado público e, ao menos, o seguinte contido:

a) Descrición do tipo de certificado en que se deberá incluír a denominación «certificado electrónico de empregado público con pseudónimo».

b) Pseudónimo do titular do certificado, consistente no seu número de identificación profesional ou noutro indicador proporcionado pola Administración correspondente.

c) Órgano ou organismo público en que presta servizos o titular do certificado.

d) Número de identificación fiscal do órgano ou organismo público en que presta os seus servizos o titular do certificado.

Os órganos xudiciais e outros órganos e persoas lexitimadas poderán solicitar que se lles revele a identidade dos asinantes con certificado electrónico de empregado público con pseudónimo nos casos previstos no artigo 11.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Nese caso, o prestador de servizos de certificación actuará de conformidade co previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro.

• Apartado 4 engadido polo art. único.3 do Real decreto 668/2015, do 17 de xullo.

Redactado consoante a corrección de erros publicada no BOE núm. 217, do 10 de setembro de 2015.

Téñase en conta para a súa aplicación a disposición transitoria única do citado real decreto, sobre adecuación dos sistemas tecnolóxicos.

CAPÍTULO III

DISPOSICIÓN COMÚNS Á IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN E CONDICIÓNS DE INTEROPERABILIDADE

Artigo 23. Obrigas dos prestadores de servizos de certificación.

1. Os prestadores de servizos de certificación admitidos deberán cumprir as obrigas da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, así como as condicións xerais adicionais a que se refire o número 3.
2. Os prestadores de servizos de certificación deberán facilitar ás plataformas públicas de validación que se establezan conforme o previsto neste real decreto acceso electrónico e gratuíto para a verificación da vixencia dos certificados asociados a sistemas utilizados polos cidadáns, a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.
3. As condicións xerais adicionais a que se refire o artigo 4.3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, aprobaranse mediante real decreto aprobado polo Consello de Ministros por proposta conxunta dos ministerios da Presidencia e de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe do Consello Superior de Administración Electrónica.

Corresponde aos ministerios da Presidencia e de Industria, Turismo e Comercio publicar a relación de prestadores de servizos de certificación admitidos e controlar o cumprimento das condicións xerais adicionais que se establezan.

Artigo 24. Política de sinatura electrónica e de certificados.

1. A política de sinatura electrónica e certificados no ámbito da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos está constituída polas directrices e normas técnicas aplicables á utilización de certificados e sinatura electrónica dentro do seu ámbito de aplicación.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 23, a política de sinatura electrónica e certificados deberá conter, en todo caso:

a) Os requisitos das sinaturas electrónicas presentadas ante os órganos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

b) As especificacións técnicas e operativas para a definición e prestación dos servizos de certificación asociados ás novas formas de identificación e autenticación da Administración xeral do Estado recollidas neste real decreto.

c) A definición do seu ámbito de aplicación.

3. A política de sinatura electrónica e certificados será aprobada polo Consello Superior de Administración Electrónica. Mediante resolución do Secretario de Estado para a Función Pública publicarase no *Boletín Oficial del Estado* o acordo de aprobación da política de sinatura electrónica e certificados extractado e, de forma íntegra, na sede do punto de acceso xeral da Administración xeral do Estado.

Artigo 25. Plataformas de verificación de certificados e sistema nacional de verificación.

1. O Ministerio da Presidencia xestionará unha plataforma de verificación do estado de revogación dos certificados admitidos no ámbito da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos dependentes ou vinculados a ela,

de acordo co previsto no artigo 21.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño. Esta plataforma permitirá verificar o estado de revogación e o contido dos certificados e prestará o servizo de forma libre e gratuíta a todas as administracións públicas, españolas ou europeas.

2. No ámbito das súas competencias, os departamentos ministeriais e organismos públicos poderán dispor das súas propias plataformas de verificación do estado de revogación dos certificados.

3. Para mellorar a calidade, robustez e dispoñibilidade dos servizos de verificación que se ofrecen a todas as administracións públicas, creárase o sistema nacional de verificación de certificados, composto pola plataforma referida no número un e aquelas outras que, cumprindo co especificado no número catro, se adhiran. As plataformas adheridas ao sistema nacional poderán delegar operacións concretas de verificación en calquera delas. En particular, a operada polo Ministerio da Presidencia proporcionará servizos de validación de certificados do ámbito europeo ao resto das plataformas.

4. As plataformas de servizos de validación que se integren no sistema nacional de verificación de certificados deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) Deberán poder obter e procesar de forma automática as listas de certificados admitidos expedidas de acordo co establecido neste real decreto e cumpriran coas particularidades que se establezan na política de sinatura e certificados electrónicos que sexa de aplicación.

b) Deberán resultar accesibles e prestar os seus servizos prioritariamente a través da rede de comunicacións das administracións públicas españolas, nas condicións de seguranza e dispoñibilidade adecuadas ao volume e a urxencia dos servizos que as usen, podendo non obstante contar, como apoio, con outras vías de acceso.

c) Deberán dispor de documentación e procedementos operativos do servizo.

d) Deberán garantir un nivel de servizo que asegure a dispoñibilidade da información de estado e validación de certificados nas condicións que se establezan na política de sinatura e certificados electrónicos.

e) Disporán dunha declaración de prácticas de validación en que se detallarán as obrigas que se comprometen a cumprir en relación cos servizos de verificación. A declaración estará dispoñible ao público por vía electrónica e con carácter gratuíto.

f) Deberán habilitar os mecanismos e protocolos de chamada e de sincronización que sexan necesarios para crear o sistema nacional de verificación de certificados e acceder aos servizos universais de validación que ofrezca a plataforma xestionada Ministerio da Presidencia. Basearán a súa operatividade nas directrices definidas na política de sinatura e certificados electrónicos no ámbito da Administración xeral do Estado.

g) Cumprirán o establecido nos esquemas nacionais de interoperabilidade e de seguranza respecto das condicións xerais a que se deberán someter as plataformas e os servizos de validación de certificados.

TÍTULO IV

Rexistros electrónicos

Artigo 26. Rexistros electrónicos.

(Derrogado.)

Todos os departamentos ministeriais da Administración xeral do Estado, así como os seus organismos públicos, deberán dispor dun servizo de rexistro electrónico, propio ou proporcionado por outro órgano ou organismo, para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións correspondentes aos procedementos e actuacións da súa competencia.

• Artigo derrogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 27. Creación de rexistros electrónicos.

(Derogado.)

1. A creación de rexistros electrónicos efectuarase mediante orde do ministro respectivo ou resolución do titular do organismo público, despois da aprobación do ministro da Presidencia, salvo para os organismos públicos en que non resulte preceptiva de acordo coa súa normativa específica de organización. Os organismos públicos poderán utilizar os rexistros electrónicos do departamento ministerial de que dependan, para o cal subscribirán o correspondente convenio.

2. As disposicións que creen rexistros electrónicos conterán, cando menos:

a) O órgano ou a unidade responsable da xestión.

b) A data e a hora oficial e a referencia ao calendario de días inhábiles que sexa aplicable.

c) A identificación do órgano ou órganos competentes para a aprobación e modificación da relación de documentos electrónicos normalizados, que sexan do ámbito de competencia do rexistro, e a identificación dos trámites e procedementos a que se refiren.

d) Os medios de presentación de documentación complementaria a unha comunicación, escrito ou solicitude previamente presentada no rexistro electrónico.

3. *En ningún caso terán a condición de rexistro electrónico as caixas de correo electrónico corporativo asignado aos empregados públicos ou ás distintas unidades e órganos.*

4. *Tampouco terán a consideración de rexistro electrónico os dispositivos de recepción de fax, salvo naqueles supostos expresamente previstos no ordenamento xurídico.*

• Artigo derrogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 28. Funcións dos rexistros electrónicos.

(Derrogado.)

Os rexistros electrónicos realizarán as seguintes funcións:

a) *A recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións relativas aos trámites e procedementos que correspondan de acordo coa súa norma de creación, e dos documentos adxuntos, así como a emisión dos recibos necesarios para confirmar a recepción nos termos previstos no artigo 25 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.*

b) *A remisión electrónica de escritos, solicitudes e comunicacións ás persoas, órganos ou unidades destinatarias nos termos do presente real decreto e do artigo 24.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño.*

c) *A anotación dos correspondentes asentos de entrada e saída.*

d) *Funcións de constancia e certificación nos supostos de litixios, discrepancias ou dúbidas acerca da recepción ou remisión de solicitudes, escritos e comunicacións.*

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 29. Solicitudes, escritos e comunicacións que poden ser rexeitados nos rexistros electrónicos.

1. Os rexistros electrónicos poderán rexeitar os documentos electrónicos que se lles presenten, nas seguintes circunstancias:

a) Que se trate de documentos dirixidos a órganos ou organismos fóra do ámbito da Administración xeral do Estado. [Derrogada.]

b) Que conteñan código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguranza do sistema.

c) No caso de utilización de documentos normalizados, cando non se enchan os campos requiridos como obrigatorios na resolución de aprobación do correspondente documento, ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

d) Que se trate de documentos que, de acordo co establecido nos artigos 14 e 32, se deban presentar en rexistros electrónicos específicos. [Derrogada.]

2. Nos casos previstos no número anterior, será informado disto o remitente do documento, con indicación dos motivos do rexeitamento así como, cando isto sexa posible, dos medios para emendar tales deficiencias e o enderezo en que se poida presentar. Cando o interesado o solicite remitirase xustificación do intento de presentación, que incluírá as circunstancias do seu rexeitamento.

3. Cando, concorrendo as circunstancias previstas no número 1, non se producise o rexeitamento automático polo rexistro electrónico, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente emenda, advertindo que, de non ser atendido o requirimento, a presentación carecerá de validez ou eficacia.

• Letras a) e mais d) do apartado 1 derogadas pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, as ditas letras manteranse en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 30. Recepción de solicitudes, escritos e comunicacións.

1. A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións poderase realizar nos rexistros electrónicos durante as vinte e catro horas de todos os días do ano.

2. A recepción de solicitudes, escritos e comunicacións poderase interromper polo tempo imprescindible só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo. A interrupción deberase anunciar aos potenciais usuarios do rexistro electrónico coa anticipación que, en cada caso, resulte posible.

En supostos de interrupción non planificada no funcionamento do rexistro electrónico, e sempre que sexa posible, disporanse as medidas para que o usuario resulte informado desta circunstancia, así como dos efectos da suspensión, con indicación expresa, se for o caso, da prórroga dos prazos de inminente vencemento. Alternativamente, poderase establecer un redireccionamento que permita utilizar un rexistro electrónico en substitución daquel en que se producise a interrupción.

3. O rexistro electrónico emitirá automaticamente polo mesmo medio un recibo asinado electronicamente, mediante algún dos sistemas de sinatura do artigo 18 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, co seguinte contido:

a) Copia do escrito, comunicación ou solicitude presentada, sendo admisible para estes efectos a reprodución literal dos datos introducidos no formulario de presentación.

b) Data e hora de presentación e número de entrada de rexistro.

c) Se for o caso, enumeración e denominación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación ou documento presentado, seguida da pegada electrónica de cada un deles.

d) Información do prazo máximo establecido normativamente para a resolución e notificación do procedemento, así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo, cando sexa automaticamente determinable.

Artigo 31. Creación, natureza e funcionamento do Rexistro Electrónico Común.

(Derrogado.)

1. Créase o Rexistro Electrónico Común da Administración xeral do Estado, accesible a través do punto de acceso xeral establecido no artigo 9.

2. O Rexistro Electrónico Común será xestionado polo Ministerio da Presidencia.

3. O Rexistro Electrónico Común posibilitará a presentación de calquera solicitude, escrito e comunicación dirixida á Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos.

4. O Rexistro Electrónico Común informará o cidadán e redireccionarao, cando proceda, aos rexistros competentes para a recepción daqueles documentos que dispoñan de aplicacións específicas para o seu tratamento.

5. Mediante orde do ministro da Presidencia estableceranse os requisitos e condicións de funcionamento do Rexistro Electrónico Común, incluíndo a creación dun ficheiro axustado ás previsións da normativa sobre protección de datos de carácter persoal, así como aos demais aspectos previstos no artigo 27.2.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

TÍTULO V

Das comunicacións e as notificacións

CAPÍTULO I

COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Artigo 32. Obrigatoriedade da comunicación a través de medios electrónicos.

(Derrogado.)

1. A obrigatoriedade de comunicarse por medios electrónicos cos órganos da Administración xeral do Estado ou cos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, nos supostos previstos no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, poderase establecer mediante orde ministerial. Esta obriga pode comprender, se for o caso, a práctica de notificacións administrativas por medios electrónicos, así como a necesaria utilización dos rexistros electrónicos que se especifiquen.

2. Na norma que estableza esa obriga especificaranse as comunicacións a que se aplique, o medio electrónico de que se trate e os suxeitos obrigados. A dita orde deberá ser publicada no Boletín Oficial del Estado e na sede electrónica do órgano ou organismo público de que se trate.

3. Se existe a obriga de comunicación a través de medios electrónicos e non se utilizan tales medios, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente emenda, advertindo que, de non ser atendido o requirimento, a presentación carecerá de validez ou eficacia.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 33. Modificación do medio de comunicación inicialmente escollido.

(Derrogado.)

Salvo as excepcións previstas no artigo anterior, os cidadáns poderán modificar a maneira de se comunicaren cos órganos ou organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado, optando por un medio distinto do inicialmente escollido, que comezará a producir efectos respecto das comunicacións que se produzan a partir do día seguinte ao da súa recepción no rexistro do órgano competente.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 34. Comunicacións entre os órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.

1. Os órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos deberán utilizar medios electrónicos para se comunicaren entre eles. Só con carácter excepcional se poderán utilizar outros medios de comunicación cando non sexa posible a utilización de medios electrónicos por causas xustificadas de carácter técnico.

2. Os órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos deberán utilizar medios electrónicos para se comunicaren con outras administracións públicas. Non obstante, poderanse utilizar outros medios de comunicación atendendo aos medios técnicos de que estas dispoñan.

Subscribíranse os convenios necesarios para garantir as condicións da comunicación, salvo cando estas condicións se encontren reguladas en normas específicas.

CAPÍTULO II

NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Artigo 35. Práctica de notificacións por medios electrónicos.

(Derrogado.)

1. Os órganos e organismos públicos da Administración xeral do Estado habilitarán sistemas de notificación electrónica de acordo co disposto no presente capítulo.

2. A práctica de notificacións por medios electrónicos poderase efectuar dalgunha das formas seguintes:

a) Mediante o enderezo electrónico habilitado na forma regulada no artigo 38 deste real decreto.

b) Mediante sistemas de correo electrónico con aviso de recepción que deixe constancia desta na forma regulada no artigo 39 deste real decreto.

c) Mediante comparecencia electrónica na sede na forma regulada no artigo 40 deste real decreto.

d) Outros medios de notificación electrónica que se poidan establecer, sempre que quede constancia da recepción polo interesado no prazo e nas condicións que se establezan na súa regulación específica.

• Artigo derrogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en

Artigo 36. Escolla do medio de notificación.

(Derrogado.)

1. *As notificacións efectuaranse por medios electrónicos cando así fose solicitado ou consentido expresamente polo interesado ou cando fose establecida como obrigatoria conforme o disposto nos artigos 27.6 e 28.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.*

2. *A solicitude deberá manifestar a vontade de recibir as notificacións por algunha das formas electrónicas recoñecidas, e indicar un medio de notificación electrónica válido conforme o establecido no presente real decreto.*

3. *Tanto a indicación da preferencia no uso de medios electrónicos como o consentimento poderán ser emitidos e recibidos, en todo caso, por medios electrónicos.*

4. *Cando a notificación se deba admitir obrigatoriedade por medios electrónicos, o interesado poderá escoller entre as distintas formas dispoñibles, salvo que a normativa que establece a notificación electrónica obrigatoria sinale unha forma específica.*

5. *Cando, como consecuencia da utilización de distintos medios, electrónicos ou non electrónicos, se practiquen varias notificacións dun mesmo acto administrativo, entenderanse producidos todos os efectos xurídicos derivados da notificación, incluído o inicio do prazo para a interposición dos recursos que procedan, a partir da primeira das notificacións correctamente practicada. As administracións públicas poderano advertir deste modo no contido da propia notificación.*

6. Entenderase consentida a práctica da notificación por medios electrónicos respecto dunha determinada actuación administrativa cando, despois de ter sido realizada por unha das formas validamente recoñecidas para isto, o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación. A notificación producirá efecto a partir da data en que o interesado realice as actuacións.

No suposto previsto no parágrafo anterior, o resto das resolucións ou actos do procedemento deberanse notificar polo medio e na forma que proceda conforme o disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, e neste real decreto.

• Artigo derrogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 37. Modificación do medio de notificación.

1. Durante a tramitación do procedemento o interesado poderá requirir do órgano correspondente que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios electrónicos e que se utilicen os demais medios admitidos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, excepto nos casos en que a notificación por medios electrónicos teña carácter obrigatorio conforme o disposto nos artigos 27.6 e 28.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. Na solicitude de modificación do medio de notificación preferente deberase indicar o medio e lugar para a práctica das notificacións posteriores.

3. O cambio de medio para efectos das notificacións farase efectivo para aquelas notificacións que se emitan desde o día seguinte ao da recepción da solicitude de modificación no rexistro do órgano ou organismo público actuante.

Artigo 38. Notificación mediante a posta á disposición do documento electrónico a través do enderezo electrónico habilitado.

1. Serán válidos os sistemas de notificación electrónica a través de enderezo electrónico habilitado sempre que cumpran, cando menos, os seguintes requisitos:

a) Acreditar a data e hora en que se produce a posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación.

b) Posibilitar o acceso permanente dos interesados ao enderezo electrónico correspondente, a través dunha sede electrónica ou de calquera outro modo.

c) Acreditar a data e hora de acceso ao seu contido.

d) Posuír mecanismos de autenticación para garantir a exclusividade do seu uso e a identidade do usuario.

2. Baixo responsabilidade do Ministerio da Presidencia existirá un sistema de enderezo electrónico habilitado para a práctica destas notificacións que quedará ao dispor de todos os órganos e organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado que non establezan sistemas de notificación propios. Os cidadáns poderán solicitar a apertura deste enderezo electrónico, que terá vixencia indefinida, excepto nos supostos en que o titular solicite a súa revogación, por falecemento da persoa física ou extinción da personalidade xurídica, que unha resolución administrativa ou xudicial así o ordene ou polo transcurso de tres anos sen que se utilice para a práctica de notificacións, suposto no cal se inhabilitará este enderezo electrónico, comunicándose así ao interesado.

3. Cando se estableza a práctica de notificacións electrónicas con carácter obrigatorio, o enderezo electrónico habilitado a que se refire o número anterior será asignado de oficio e poderá ter vixencia indefinida, conforme o réxime que estableza a orde do ministro da Presidencia a que se refire a disposición derradeira primeira. Respecto do resto dos enderezos electrónicos habilitados, o dito réxime establecerase mediante orde do titular do departamento correspondente.

Artigo 39. Notificación mediante recepción en enderezo de correo electrónico.

(Derrogado.)

Poderase acordar a práctica de notificacións nos enderezos de correo electrónico que os cidadáns escollan sempre que se xere automaticamente e con independencia da vontade do destinatario un aviso de recepción que deixe constancia desta e que se orixine no momento do acceso ao contido da notificación.

• Artigo derrogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Artigo 40. Notificación por comparecencia electrónica.

1. A notificación por comparecencia electrónica consiste no acceso polo interesado, debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente a través da sede electrónica do órgano ou organismo público actuante.

2. Para que a comparecencia electrónica produza os efectos de notificación de acordo co artigo 28.5 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, requirirase que reúna as seguintes condicións:

a) Con carácter previo ao acceso ao seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso do carácter de notificación da actuación administrativa que terá ese acceso.

b) O sistema de información correspondente deixará constancia do acceso con indicación da data e da hora.

TÍTULO VI

Os documentos electrónicos e as súas copias

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN COMÚNS SOBRE OS DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS

Artigo 41. Características do documento electrónico.

1. Os documentos electrónicos deberán cumprir os seguintes requisitos para a súa validez:

a) Conter información de calquera natureza.

b) Estar arquivada a información nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

c) Dispor dos datos de identificación que permitan a súa individualización, sen prexuízo da súa posible incorporación a un expediente electrónico.

2. Os documentos administrativos electrónicos deberán, ademais de cumprir as anteriores condicións, ter sido expedidos e asinados electronicamente mediante os sistemas de sinatura previstos nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e axustarse aos requisitos de validez previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 42. Adición de metadatos aos documentos electrónicos.

1. Enténdese como metadato, para os efectos deste real decreto, calquera tipo de información en forma electrónica asociada aos documentos electrónicos, de carácter instrumental e independente do seu contido, destinada ao coñecemento inmediato e automatizable dalgunha das súas características, coa finalidade de garantir a dispoñibilidade, o acceso, a conservación e a interoperabilidade do propio documento.

2. Os documentos electrónicos susceptibles de ser integrados nun expediente electrónico deberán ter asociados metadatos que permitan a súa contextualización no marco do órgano ou organismo, a función e o procedemento administrativo a que corresponde.

Ademais, asociarase aos documentos electrónicos a información relativa á sinatura do documento, así como a referencia temporal deles, na forma regulada neste real decreto.

3. A asociación de metadatos aos documentos electrónicos presentados polos cidadáns ou emitidos pola Administración xeral do Estado ou polos seus organismos públicos será, en todo caso, realizada polo órgano ou organismo actuante, na forma que en cada caso se determine.

4. Os metadatos mínimos obrigatorios asociados aos documentos electrónicos, así como a asociación dos datos de sinatura ou de referencia temporal deles, especificaranse no esquema nacional de interoperabilidade.

5. Unha vez asociados os metadatos a un documento electrónico, non poderán ser modificados en ningunha fase posterior do procedemento administrativo, coas seguintes excepcións:

- a) Cando se observe a existencia de erros ou omisións nos metadatos inicialmente asignados.
- b) Cando se trate de metadatos que requiran actualización, se así o dispón o esquema nacional de interoperabilidade.

A modificación dos metadatos deberá ser realizada polo órgano competente conforme a normativa de organización específica, ou de forma automatizada conforme as normas que se establezan para o efecto.

6. Independentemente dos metadatos mínimos obrigatorios a que se refire o número 4, os distintos órganos ou organismos poderán asociar aos documentos electrónicos metadatos de carácter complementario, para as necesidades de catalogación específicas do seu respectivo ámbito de xestión, realizando a súa inserción de acordo coas especificacións que estableza ao respecto o esquema nacional de interoperabilidade. Os metadatos complementarios non estarán suxeitos ás prohibicións de modificación establecidas no número anterior.

Artigo 43. Copias electrónicas dos documentos electrónicos realizadas pola Administración xeral do Estado e polos seus organismos públicos.

1. As copias electrónicas xeradas que, por seren idénticas ao documento electrónico orixinal, non comportan cambio de formato nin de contido terán a eficacia xurídica de documento electrónico orixinal.

2. En caso de cambio do formato orixinal, para que unha copia electrónica dun documento electrónico teña a condición de copia auténtica deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Que o documento electrónico orixinal, que se debe conservar en todo caso, se encontre en poder da Administración.

b) Que a copia sexa obtida conforme as normas de competencia e procedemento que en cada caso se aproben, incluídas as de obtención automatizada.

c) Que inclúa o seu carácter de copia entre os metadatos asociados.

d) Que sexa autorizada mediante sinatura electrónica conforme os sistemas recollidos nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

3. Poderanse xerar copias electrónicas auténticas a partir doutras copias electrónicas auténticas sempre que se observen os requisitos establecidos nos números anteriores.

4. Os órganos emisores dos documentos administrativos electrónicos ou receptores dos documentos privados electrónicos, ou os arquivos que reciban eses órganos, están obrigados á conservación dos documentos orixinais, aínda que se procedera a copialos conforme o establecido no presente artigo, sen prexuízo do previsto no artigo 52.

5. Será considerada copia electrónica auténtica de documentos electrónicos presentados conforme sistemas normalizados ou formularios:

a) A obtida conforme o sinalado nos números anteriores deste artigo.

b) O documento electrónico, autenticado coa sinatura electrónica do órgano ou organismo destinatario, resultado de integrar o contido variable asinado e remitido polo cidadán no formulario correspondente empregado na presentación.

Artigo 44. Copias electrónicas de documentos en soporte non electrónico.

1. As copias electrónicas dos documentos en soporte papel ou noutro soporte susceptible de dixitalización realizadas pola Administración xeral do Estado e polos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, xa se trate de documentos emitidos pola Administración xa de documentos privados presentados polos cidadáns, realizaranse de acordo co regulado neste artigo.

2. Para os efectos do regulado neste real decreto defínese como «imaxe electrónica» o resultado de aplicar un proceso de dixitalización a un documento en soporte papel ou noutro soporte que permita a obtención fiel desa imaxe.

Enténdese por «dixitalización» o proceso tecnolóxico que permite converter un documento en soporte papel ou noutro soporte non electrónico nun ficheiro electrónico que contén a imaxe codificada, fiel e íntegra, do documento.

3. Cando sexan realizadas pola Administración, as imaxes electrónicas terán a natureza de copias electrónicas auténticas, co alcance e efectos previstos no artigo 46 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o documento copiado sexa un orixinal ou unha copia auténtica.

b) Que a copia electrónica sexa autorizada mediante sinatura electrónica utilizando os sistemas recollidos nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

c) Que as imaxes electrónicas estean codificadas conforme algún dos formatos e cos niveis de calidade e condicións técnicas especificados no esquema nacional de interoperabilidade.

d) Que a copia electrónica inclúa o seu carácter de copia entre os metadatos asociados.

e) Que a copia sexa obtida conforme as normas de competencia e procedemento que en cada caso se aproben, incluídas as de obtención automatizada.

4. Non será necesaria a intervención do órgano administrativo depositario do documento administrativo orixinal para a obtención de copias electrónicas auténticas, cando as imaxes electrónicas sexan obtidas a partir de copias auténticas en papel, emitidas cumprindo os requisitos do artigo 46 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 45. Copias en papel dos documentos públicos administrativos electrónicos realizadas pola Administración xeral do Estado e polos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Para que as copias emitidas en papel dos documentos públicos administrativos electrónicos teñan a consideración de copias auténticas deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Que o documento electrónico copiado sexa un documento orixinal ou unha copia electrónica auténtica do documento electrónico ou en soporte papel orixinal, emitidos conforme o previsto no presente real decreto.

b) A impresión no mesmo documento dun código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación, con indicación de que este permite contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

c) Que a copia sexa obtida conforme as normas de competencia e procedemento que en cada caso se aproben, incluídas as de obtención automatizada.

Artigo 46. Destrucción de documentos en soporte non electrónico.

1. Os documentos orixinais e as copias auténticas en papel ou calquera outro soporte non electrónico admitido pola lei como proba, dos cales se xerasen copias electrónicas auténticas, poderanse destruír nos termos e condicións que se determinen nas correspondentes resolucións, se se cumpren os seguintes requisitos:

a) A destrución requirirá unha resolución adoptada polo órgano responsable do procedemento ou, se for o caso, polo órgano responsable da custodia dos documentos, despois do oportuno expediente de eliminación, no cal se determinen a natureza específica dos documentos susceptibles de destrución, os procedementos administrativos afectados, as condicións e garantías do proceso de destrución e a especificación das persoas ou órganos responsables do proceso.

As resolucións que aproben os procesos de destrución regulados no artigo 30.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, requirirán informe previo da respectiva comisión cualificadora de documentos administrativos e posterior ditame favorable da Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos, sen que, no seu conxunto, este trámite de informe poida ser superior a tres meses. Unha vez superado este prazo sen pronunciamento expreso de ambos os órganos, poderase resolver o expediente de eliminación e proceder á destrución.

b) Que non se trate de documentos con valor histórico, artístico ou doutro carácter relevante que aconselle a súa conservación e protección, ou en que figuren sinaturas ou outras expresións manuscritas ou mecánicas que confiran ao documento un valor especial.

2. Deberase incorporar ao expediente de eliminación unha análise dos riscos relativos ao suposto de destrución de que se trate, con mención explícita das garantías de conservación das copias electrónicas e do cumprimento das condicións de seguranza que, en relación coa conservación e arquivo dos documentos electrónicos, estableza o esquema nacional de seguranza.

3. A destrución de calquera tipo de documento diferente dos previstos nos números anteriores rexerese polo previsto no Real decreto 1164/2002, do 8 de

novembro, polo que se regula a conservación do patrimonio documental con valor histórico, o control da eliminación doutros documentos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e a conservación de documentos administrativos en soporte distinto ao orixinal.

CAPÍTULO II

NORMAS ESPECÍFICAS RELATIVAS AOS DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS ELECTRÓNICOS

Artigo 47. Referencia temporal dos documentos administrativos electrónicos.

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos dependentes ou vinculados asociarán aos documentos administrativos electrónicos, nos termos do artigo 29.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, unha das seguintes modalidades de referencia temporal, de acordo co que determinen as normas reguladoras dos respectivos procedementos:

a) «Marca de tempo» entendendo por tal a asignación por medios electrónicos da data e, se for o caso, a hora a un documento electrónico. A marca de tempo será utilizada en todos aqueles casos en que as normas reguladoras non establezan a utilización dun selo de tempo.

b) «Selo de tempo», entendendo por tal a asignación por medios electrónicos dunha data e hora a un documento electrónico coa intervención dun prestador de servizos de certificación que asegure a exactitude e integridade da marca de tempo do documento.

A información relativa ás marcas e selos de tempo asociarase aos documentos electrónicos na forma que determine o esquema nacional de interoperabilidade.

2. A relación de prestadores de servizos de certificación electrónica que prestan servizos de selaxe de tempo na Administración xeral do Estado, conforme o disposto no artigo 29.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, así como os

requisitos que se deben cumprir para a admisión, serán regulados mediante o real decreto a que se refire o artigo 23.3.

CAPÍTULO III

NORMAS ESPECÍFICAS RELATIVAS AOS DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS PRESENTADOS POLOS CIDADÁNS

Artigo 48. Imaxes electrónicas presentadas polos cidadáns.

(Derogado.)

1. De conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, os interesados poderán xuntar ao expediente, en calquera fase do procedemento, copias dixitalizadas dos documentos, cuxa fidelidade co orixinal garantirán mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada. A Administración pública poderá solicitar do correspondente arquivo o cotexo do contido das copias presentadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e con carácter excepcional, poderá requirir do particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A presentación de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. As mencionadas imaxes electrónicas carecerán do carácter de copia auténtica.

2. As imaxes electrónicas presentadas polos cidadáns deberanse axustar aos formatos e estándares aprobados para tales procesos no esquema nacional de interoperabilidade. En caso de incumprimento deste requisito, requirirase do interesado que emende o defecto advertido, nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A presentación documental que realicen os interesados en calquera dos lugares de presentación establecidos no artigo 2.1.a), b) e d) do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, poderase acompañar de soportes que conteñan

documentos electrónicos cos efectos establecidos no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

4. Será de aplicación ás solicitudes de cotexo das copias presentadas, previstas no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, o establecido en relación coa transmisión de datos no artigo 2 deste real decreto.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

CAPÍTULO IV

NORMAS RELATIVAS Á OBTENCIÓN DE COPIAS ELECTRÓNICAS POLOS CIDADÁNS

Artigo 49. Obtención de copias electrónicas de documentos electrónicos.

Os cidadáns poderán exercer o dereito a obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte de procedementos en que teñan condición de interesados de acordo co disposto na normativa reguladora do respectivo procedemento.

A obtención da copia poderase realizar mediante extractos dos documentos ou poderanse utilizar outros métodos electrónicos que permitan manter a confidencialidade daqueles datos que non afecten o interesado.

Artigo 50. Obtención de copias electrónicas para efectos de compulsión.

(Derrogado.)

Cando os interesados desexen exercer o dereito regulado no artigo 8.1 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, sobre unión de copias compulsadas ao procedemento, e sempre que os orixinais non deban constar no procedemento, a oficina receptora, se conta cos medios necesarios, deberá proceder á obtención de copia electrónica dos documentos que se van compulsar

mediante o procedemento regulado no artigo 44 deste real decreto, sempre que se trate dun dos lugares de presentación mencionados no artigo 2.1.a), b) e d) do citado real decreto.

Estas copias dixitalizadas serán asinadas electronicamente mediante os procedementos previstos nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e terán o carácter de copia compulsada ou cotexada previsto no artigo 8 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, sen que en ningún caso se acredite a autenticidade do documento orixinal, sen que lles sexa de aplicación o procedemento de comprobación previsto no artigo 35.2 da citada lei.

• Artigo derogado pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, este artigo manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

CAPÍTULO V

ARQUIVO ELECTRÓNICO DE DOCUMENTOS

Artigo 51. Arquivo electrónico de documentos.

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes deberán conservar en soporte electrónico todos os documentos electrónicos utilizados en actuacións administrativas que formen parte dun expediente administrativo, así como aqueloutros que teñan valor probatorio das relacións entre os cidadáns e a Administración.

2. A conservación dos documentos electrónicos poderase realizar ben de forma unitaria ben mediante a inclusión da súa información en bases de datos, sempre que, neste último caso, consten os criterios para a reconstrución dos formularios ou modelos electrónicos orixe dos documentos así como para a comprobación da sinatura electrónica deses datos.

Artigo 52. Conservación de documentos electrónicos.

1. Os períodos mínimos de conservación dos documentos electrónicos serán determinados por cada órgano administrativo de acordo co procedemento administrativo de que se trate, sendo en todo caso de aplicación, coa excepción regulada da destrución de documentos en papel copiados electronicamente, as normas xerais sobre conservación do patrimonio documental con valor histórico e sobre eliminación de documentos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

2. Para preservar a conservación, o acceso e a lexibilidade dos documentos electrónicos arquivados poderanse realizar operacións de conversión, de acordo coas normas sobre copia deses documentos contidas neste real decreto.

3. Os responsables dos arquivos electrónicos promoverán a copia auténtica con cambio de formato dos documentos e expedientes do arquivo tan pronto como o formato destes deixe de figurar entre os admitidos na xestión pública polo esquema nacional de interoperabilidade.

CAPÍTULO VI

EXPEDIENTE ELECTRÓNICO

Artigo 53. Formación do expediente electrónico.

1. A formación dos expedientes electrónicos é responsabilidade do órgano que dispoña a normativa de organización específica e, de non existir previsión normativa, do encargado da súa tramitación.

2. Os expedientes electrónicos que deban ser obxecto de remisión ou posta á disposición formaranse axustándose ás seguintes regras:

a) Os expedientes electrónicos disporán dun código que permita a súa identificación unívoca por calquera órgano da Administración nun contorno de intercambio interadministrativo.

b) A foliación dos expedientes electrónicos levarase a cabo mediante un índice electrónico, asinado electronicamente mediante os sistemas previstos nos

artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e nos termos do artigo 32.2 da citada lei.

c) Co fin de garantir a interoperabilidade dos expedientes, tanto a súa estrutura e formato como as especificacións dos servizos de remisión e posta á disposición suxeitaranse ao que estableza ao respecto o esquema nacional de interoperabilidade.

d) Os expedientes electrónicos estarán integrados por documentos electrónicos, que poderán formar parte de distintos expedientes, e poderán incluír tamén outros expedientes electrónicos se así o require o procedemento. Excepcionalmente, cando a natureza ou a extensión de determinados documentos que se deban incorporar ao expediente non permitan ou dificulten notablemente a súa inclusión nel conforme os estándares e procedementos establecidos, deberanse incorporar ao índice do expediente sen prexuízo da súa presentación separada.

e) Os documentos que se integran no expediente electrónico axustaranse ao formato ou formatos de longa duración, accesibles nos termos que determine o esquema nacional de interoperabilidade.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. Procedementos especiais.

1. O disposto neste real decreto enténdese sen prexuízo da regulación especial contida na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e as súas normas de desenvolvemento en relación co perfil do contratante, plataforma de contratación do Estado e uso de medios electrónicos nos procedementos relacionados coa contratación pública. [Derrogado.]

2. A aplicación das disposicións deste real decreto sobre xestión electrónica de procedementos en materia tributaria, de seguranza social e desemprego, e de réxime xurídico dos estranxeiros en España efectuarase de conformidade co

establecido nas disposicións adicionais quinta, sexta, sétima e décimo novena da Lei 30/1992, do 26 de novembro. [Derrogado.]

3. O disposto neste real decreto aplicarase supletoriamente ao réxime especial previsto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido e na Orde EHA/962/2007, do 10 de abril, pola que se desenvolven determinadas disposicións sobre facturación telemática e conservación electrónica de facturas contidas no citado real decreto. Este réxime xurídico especial será aplicable a calquera copia electrónica de facturas que se deba remitir aos órganos e organismos da Administración xeral do Estado.

4. O disposto neste real decreto enténdese sen prexuízo da regulación contida nos reais decretos 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial Boletín Oficial del Estado e 1979/2008, do 28 de novembro, polo que se regula a edición electrónica do Boletín Oficial del Registro Mercantil. [Derrogado.]

• Apartados 1, 2 e 4 derrogados pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, estes apartados manteranse en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Disposición adicional segunda. Función estatística.

O disposto no artigo 2 non se aplicará á recolla de datos prevista no capítulo II da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

Disposición adicional terceira. Directorio de sedes electrónicas.

(Derrogada.)

No prazo de 6 meses, contados a partir da entrada en vigor deste real decreto, o Ministerio da Presidencia publicará na súa sede electrónica o directorio de sedes electrónicas a que se refire o artigo 8.

• Derrogada, con efectos do 2 de outubro de 2016, pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na súa disposición derradeira 7, esta disposición manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Disposición adicional cuarta. Conservación da identificación de enderezos electrónicos.

Sen prexuízo do establecido, con carácter xeral, no artigo 17.2, os enderezos electrónicos actualmente existentes dos organismos públicos que gocen dun alto nivel de coñecemento público poderán ser mantidos coa mesma identificación electrónica.

Disposición adicional quinta. Plataforma de verificación de certificados da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.

De conformidade coas facultades que outorga á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda o artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación coa disposición adicional cuarta da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, a plataforma de verificación de certificados desenvolvida por esta entidade integrarase no sistema nacional de verificación de certificados regulado no artigo 25.3 deste real decreto, cumprindo co especificado no artigo 25.4.

O Ministerio da Presidencia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda adoptarán as medidas para conseguir a permanente e perfecta coordinación operativa e a coherencia técnica de ambas as plataformas de verificación, coa finalidade de asegurar a súa interoperabilidade e garantir o mellor servizo ás administracións e aos cidadáns.

Disposición adicional sexta. Ausencia de impacto orzamentario.

A aplicación das previsións contidas neste real decreto non deberá ocasionar incremento do gasto público nin diminución dos ingresos públicos. Por tanto, os departamentos ministeriais afectados deberán desenvolver as medidas derivadas do seu cumprimento aténdose ás súas dispoñibilidades

orçamentarias ordinarias, e non dá lugar, en ningún caso, a necesidades adicionais de financiamento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira. Sistemas de sinatura electrónica.

(Derrogada.)

1. En canto non se aproben os esquemas nacionais de interoperabilidade e de seguranza poderanse seguir utilizando os medios actualmente admitidos de identificación e autenticación. Estes esquemas establecerán os prazos de aprobación das relacións de medios admitidos, así como os prazos máximos de utilización dos medios que, tendo sido utilizados, non se adecuen ás prescricións daqueles.

2. En particular, poderá seguir a utilizarse para os usos previstos neste real decreto e cos mesmos efectos xurídicos que o selo electrónico, a sinatura electrónica de persoa xurídica ou do titular do órgano administrativo con observancia do disposto na normativa correspondente.

• Derrogada pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, a presente disposición manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Disposición transitoria segunda. Condicións de seguranza das plataformas de verificación.

(Derrogada.)

En canto non se aproben os esquemas nacionais de interoperabilidade e de seguranza, seguirán tendo validez os sistemas e servizos de verificación existentes e operativos no momento da entrada en vigor deste real decreto. Os

certificados vinculados a eses sistemas ou servizos poderanse utilizar nos procedementos que expresamente os prevexan.

• Derrogada, con efectos do 2 de outubro de 2016, pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e mais pola disposición derogatoria única.g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, a presente disposición manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Disposición transitoria terceira. Sistema de notificación electrónica regulado no artigo 38.2.

(Derrogada.)

Mentres non se proceda a ditar a regulación do sistema de notificación electrónica regulado no artigo 38.2, de acordo coa disposición derradeira primeira, a función prevista no sistema de notificación realizarase a través dos servizos autorizados, de conformidade coa Orde PRE 1551/2003, do 10 xuño, pola que se desenvolve a disposición derradeira primeira do Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, pola que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da presentación de certificados polos cidadáns.

• Derrogada pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, a presente disposición manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Disposición transitoria cuarta. Adaptación de sedes electrónicas.

(Derrogada.)

En canto non se aproben os esquemas nacionais de interoperabilidade e de seguranza, a creación de sedes deberá ir acompañada dun informe en que se

acredite o cumprimento das condicións de confidencialidade, dispoñibilidade e integridade das informacións e comunicacións que se realicen a través delas.

• Derrogada, con efectos do 2 de outubro de 2016, pola disposición derogatoria única.2.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e mais pola disposición derogatoria única.g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Non obstante, consoante o disposto na disposición derradeira 7 da Lei 39/2015, a presente disposición manterase en vigor ata que produzan efectos as previsións da citada lei relativas á materia que se derroga.

Disposición transitoria quinta. Adaptación na Administración xeral do Estado no exterior.

A aplicación do disposto neste real decreto á Administración xeral do Estado no exterior efectuarase segundo os medios de identificación e autenticación dos cidadáns, as canles electrónicas e as condicións de funcionamento que en cada momento se encontren dispoñibles.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto, e especialmente:

- a) O Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado.
- b) Os artigos 14 a 18 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición derradeira primeira. Sistema de notificación electrónica regulado no artigo 38.2.

Por orde do ministro da Presidencia establecerase o réxime do sistema de enderezo electrónico habilitado previsto no artigo 38.2, que se deberá axustar ás súas previsións.

Disposición derradeira segunda. Punto de acceso xeral.

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto, o ministro da Presidencia ditará as disposicións necesarias para a constitución do punto de acceso xeral da Administración xeral do Estado regulado no artigo 9.

Disposición derradeira terceira. Rexistros electrónicos.

Os rexistros telemáticos existentes no momento da entrada en vigor da Lei 11/2007, do 22 de xuño, afectados polo número 2 da disposición transitoria única da citada lei, axustarán o seu funcionamento ao establecido neste real decreto dentro dos seis meses seguintes á súa entrada en vigor.

A adaptación ao disposto neste real decreto realizarase mediante orde ministerial ou, se for o caso, resolución do titular do correspondente organismo público pola cal se explicita o cumprimento do disposto no artigo 27.

Disposición derradeira cuarta. Sedes electrónicas.

Os puntos de acceso electrónico pertencentes á Administración xeral do Estado ou aos seus organismos públicos dependentes ou vinculados en que se desenvolven actualmente comunicacións con terceiros, propias de sede electrónica, deberanse adaptar, no prazo de catro meses contados a partir da entrada en vigor deste real decreto, ao disposto nel para as sedes ou, se for o caso, subsedes, electrónicas, sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias primeira e segunda deste real decreto e na disposición derradeira terceira.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Disposición derradeira quinta. Habilitación para o desenvolvemento normativo.

Habilítanse os ministros da Presidencia, Economía, e Facenda e Industria, Turismo e Comercio para ditaren as disposicións que sexan necesarias para o

desenvolvemento deste real decreto no ámbito das súas respectivas competencias.

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 6 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ